Reptilia	Squamata	Scindidae	*Chalcides striatus*	28/03/1990	NH10	NH1000	Itsmo Lanzada	Grove, O	Pontevedra	(3)

BRAÑA

BOLETÍN DA / PAPER FROM

SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN)

2020 **Nº 18**

Artigo editado en Open Access nos términos:
Article published in Open Access under the terms:
Creative Commons attribution Non Comercial License 3.0.

B R A Ñ A
Revista científica da SGHN sobre Historia Natural
SGHN Scientific journal on Natural History
ISSN 0211-2469 (edición impresa / print edition)
ISSN 2340-2288 (edición dixital / online edition)

Un exemplar de morfo concolor de *Podarcis bocagei* (López-Seoane 1884) (Lacertidae, Squamata)

Concolor morph of *Podarcis bocagei* (López-Seoane 1884) (Lacertidae, Squamata)

Ayres Fernández, Cesar[1]
1. AHE-Galicia. Barcelona, 86-6C. 36211, Vigo (Pontevedra). Spain.

Palabra clave / Key words
Concolor, Galicia, *Podarcis*.

Recibido o 16-I-20, aceptado o 7-IV-20 e publicado electronicamente o 14-IV-20.
Submitted 16-I-20, accepted 7-IV-20, and electronically published 14-IV-20.

A lagarta de Bocage (*Podarcis bocagei*) é un endemismo da Península Ibérica, cunha distribución restrinxida ao noroeste de España e Portugal. A coloración dorsal soe ser marrón ou verde nos machos, parda nas femias e xuvenís, copiosamente cuberta de manchas escuras. Os patróns aberrantes de cor semellan ser raros nesta especie, aínda que se teñen citado exemplares con morfos melánicos e concolor (GALÁN & VAZQUEZ, 2010; GALÁN *et al.*, 2011).

Durante unha mostraxe herpetolóxica no humidal Gándaras de Budiño detectouse un xuvenil de *Podarcis bocagei* cunha coloración infrecuente, cun fondo pardo uniforme sen restos do patrón reticulado dorsal típico desta especie (Fig.1). O xuvenil foi detectado nunha silveira, xunto cunha femia de coloración normal, preto dunha pequena poza o 3 de decembro de 2019 (Salceda de Caselas, Spain, UTM 29TNG35, ver mapa 1). O exemplar media arredor duns 7-8 cm de lonxitude total, co corpo e rabo dunha cor parda sen liñas laterais nin reticulado dorsal, mentres que a cabeza presentaba unha cor marrón mais escura.

Os exemplares con morfo concolor presentan coloración uniforme, perdendo as marcas escuras dorsais. Téñense detectados exemplares en varias especies de *Podarcis, Scelarcis, Dalmatolacerta, Dinarolacerta, Lacerta, Darevskia* e *Iberolacerta* (ARRIBAS, 2001; ARNOLD et al., 2007; JABLONSKI & CHRISTOPHORYOVÁ, 2016; AYRES, 2019). Este semella ser o caso do exemplar descrito neste traballo.

The Bocage´s lizard (*Podarcis bocagei*) is an endemism of the Iberian Peninsula, with a distribution restricted to the north-west of Spain and Portugal. The dorsal surface is usually brown or green in males, brownish in females and juveniles, copiously speckled with rows of dark markings. The underparts are usually yellow or orange. Colour aberrations seem to be rare in this species, although melanistic and concolor morphs have been reported (GALÁN & VAZQUEZ, 2010; GALÁN et al., 2011).

During an herpetological survey in the Gandaras de Budiño wetland I observed a juvenile *Podarcis bocagei* with an unusual colouration, uniform brown background colour, but with no remains of the dark reticulate dorsal pattern that usually shows this species (Fig.1). The lizard was observed on a Rubus bush, along with a normal colored female, near a small pond, on 3 December 2019 (Salceda de Caselas, Spain, UTM 29TNG35, Map 1). The specimen averages about 7-8 cm in total length, brown color with no lateral lines or dorsal cross-section in the body and tail , while the head was darker brown.

Concolor morphs are uniformly coloured, having virtually no dorsal markings. It has been recorded in several species of *Podarcis, Scelarcis, Dalmatolacerta, Dinarolacerta, Lacerta, Darevskia* e *Iberolacerta* (ARRIBAS, 2001; ARNOLD et al., 2007; JABLONSKI & CHRISTOPHORYOVÁ, 2016; AYRES, 2019). This seems to be the morph described in this note.

Fotos 1. Patrón de color, vistas dorsais.
Photos 1. Color pattern, dorsal views.



Mapa 1. Ubicación do especime.
Map 1. Specimen location.

Bibliografía / References

ARNOLD, E.N., ARRIBAS, O. & CARRANZA, S. 2007. Systematics of the Palaearctic and Oriental lizard tribe Lacertini (Squamata: Lacertidae: Lacertinae), with descriptions of eight new genera. *Zootaxa*, 1430: 1-86.

ARRIBAS,O. 2001. Hemipenial morphology and evolutionary inferences of Pyrenean Mountain Lizards (Squamata: Lacertidae). *Bulletí de la Societat Catalana d'Herpetologia*, 15: 32-44.

AYRES, C. 2019. *Lacerta schreiberi* (Schreiberi´s lizard). Coloration. *Herpetological Review*, 50 (4): 786-787.

GALÁN, P. & VÁZQUEZ, R. 2010. Morfo concolor de *Podarcis bocagei* en el norte de Galicia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 21: 56-57.

GALÁN, P., VÁZQUEZ, R. & CABANA, M. 2011. Melanismo parcial en *Podarcis bocagei* de Galicia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 22: 79-81

JABLONSKI, D., & CHRISTOPHORYOVÁ, J. 2016. A concolor morph recorded in the *Podarcis ionicus* species complex (Sauria, Lacertidae) from Albania. *Herpetology Notes*, 9: 303-306.

Artigo editado en Open Access nos términos:
Article published in Open Access under the terms:
Creative Commons attribution Non Comercial License 3.0.

B R A Ñ A
Revista científica da SGHN sobre Historia Natural
SGHN Scientific journal on Natural History
ISSN 0211-2469 (edición impresa / print edition)
ISSN 2340-2288 (edición dixital / online edition)

In memoriam de Julio Andrade Malde

Xosé Lois Rey Muñiz

O pasado 29 de marzo chegounos a moi triste nova do pasamento de Julio Andrade Malde (1940-2020). Nos círculos entomolóxicos galaicos era ben coñecido por ser o principal e inicial divulgador dunha especie de escarabello singular: *Carabus galicianus*.

Licenciado en dereito e diplomado en xemoloxía desenvolveu a súa vida profesional no Banco Pastor

Nos seus traballos realizou a primeira aproximación á bioloxía e distribución desta especie endémica da esquina noroccidental da península ibérica, ligada indefectiblemente ó destino dos mil ríos de Cunqueiro. Un traballo nunha época heroica de transitar camiños e corredoiras e con escasas ou nulas referencias documentais de apoio.

Julio, a quen tratei inicialmente a través do apreciado Luis Freire García, Presidente que foi da SGHN, tiña na entomoloxía unha afeizón menos pública, pero non por elo fixo unha contribución menor. A súa faceta como musicólogo foi sobresaínte e non a podemos deixar de nomear nestas liñas. Compositor, crítico e autor de máis de 75 artigos de revistas, diversas colaboración en obras colectivas e libros. Como compositor, adaptou poemas de Xosé Díaz Xácome, Eduardo Pondal ou Curros Enríquez e realizou unha harmonización e orquestración do Himno Galego de Pascual Veiga.

A última colaboración de Julio coa entomoloxía da que temos constancia veu na redacción do *Atlas e libro vermello de Carabini, Cychrini e Lucanidae (Insecta, Coleoptera) de Galicia* editado pola SGHN en 2013. Durante a preparación da redacción puiden visítalo para tratar sobre algúns datos e citas dos *Carabus*. No decorrer daqueles encontros el mesmo ofreceuse a redactar algunha especie, o que se concretou na redacción de *Carabus nemoralis* e como non *Carabus galicianus*, quen mellor senon!

O seu pasamento pecha unha época de entomólogos menos tecnolóxicos, artesanais, e que no caso de Julio deveu nun luthier fino e preciso.

Descanse en paz.

Ofrecemos unha compilación dos traballos entomolóxicos redactados por Julio e un mapa actualizado da distribución coñecida de *Carabus galicianus* en Galicia, a "súa" especie.

ANDRADE MALDE, J. 1977. In Memoriam Paul Raynaud: *Ctenocarabus galicianus*, Gory (Coléoptère Carabidae) estados larvarios (Ex societate imaginis). *Nouvelle Revue Ent.,* 7 (3): 257-260.

ANDRADE MALDE, J. 1978. Nota sobre la larva de *Ctenocarabus galicianus*, Gory. *Nouve Revue Ent.*, 7 (3): 257-260.

ANDRADE MALDE, J. 1980. Notas sobre la biología de *Ctenocarabus galicianus*, Gory. *Nouve Revue Ent.*, 10: 19-28.

ANDRADE MALDE J. 1986. Os Carabus de Oleiros. *Saramaganta*, 3: 1-8.

ANDRADE MALDE, J. 2013. *Carabus nemoralis* Müller, 1764 in SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN). 2013. Atlas e libro vermello de Carabini, Cychrini e Lucanidae (Insecta, Coleoptera) de Galicia. Vilagarcía de Arousa. 162 pp.

ANDRADE MALDE, J. 2013. *Carabus galicianus* Gory, 1839 in SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN). 2013. Atlas e libro vermello de Carabini, Cychrini e Lucanidae (Insecta, Coleoptera) de Galicia. Vilagarcía de Arousa. 162 pp.



Distribución actualmente coñecida (en Galicia) de *Carabus galicianus*

Artigo editado en Open Access nos términos:
Article published in Open Access under the terms:
Creative Commons attribution Non Comercial License 3.0.

B R A Ñ A
Revista científica da SGHN sobre Historia Natural
SGHN Scientific journal on Natural History
ISSN 0211-2469 (edición impresa / print edition)
ISSN 2340-2288 (edición dixital / online edition)

Primeira cita de *Zamenis longissimus* (Laurenti, 1768) (Colubridae, Squamata) en Galicia
First report of *Zamenis longissimus* (Laurenti, 1768) (Colubridae, Squamata) in Galicia

Fariñas Álvarez, Jesús María[1]
1. R/Rabo de Galo nº16, 32002 Ourense.Spain
Correo electrónico: jesusgranroble@yahoo.es

Palabra clave / Key words
Aesculapian snake, Galicia, distribution

Recibido o 28-V-20, aceptado o 31-V-20 e publicado electronicamente o 31-V-20.
Submitted 28-V-20, accepted 31-V-20, and electronically published 31-V-20.

Comunícase a observación dun exemplar de *Zamenis longissimus* nunha estrada (Fig.1) que atravesa unha comunidade vexetal de *Arbuto unedonis-Quercetum pyrenaicae* perto da beira do río Sil, nunha zona con cultivos de *Castanea sativa* naturalizados, o día 25 de maio de 2020 (Nogueira de Ramuín, Spain, UTM 29TPG09 ETRS89).

A serpe de esculapio (*Zamenis longissimus*) é un colúbrido presente na meirande parte de Europa e parte de Asia, cunha distribución restrinxida ao noreste da Península Ibérica (Fig.2). A coloración dorsal soe ser marrón ou parda nos adultos, e grisácea ou verdosa nos xuvenís (RUBIO & GOSA, 2015).

A especie semella ser especialmente abundante na iberia húmida, pero está moi limitada nas zonas meridionais da súa área de distribución. No Parque Nacional dos Picos de Europa só foi detectada no Desfiladero de la Hermida (PEÑAMELLERA BAJA; AYLLÓN *et al.*, 2010), aínda que existían citas anteriores (GARCÍA-CARDENETE, 2005, 2008), restrinxidas a bacía do Deva. A poboación dos Picos de Europa atópase illada do núcleo pirenaico, a máis de 100 km das poboacións do País Vasco. Na Cabrera Baja (León), atópase un núcleo illado que dista 170 km da poboación máis próxima en Cantabria e que constituía ata agora o límite occidental da especie na Península Ibérica (CABANA *et al.*, 2014).

A observación reportada nesta nota amplía a distribución da especie case 100 km cara o Oeste, representando a primeira cita da especie en Galicia.

The Aesculapian snake inhabits most of mainland Europe and part of Asia, but in the Iberian Peninsula it is restricted to the North-East (Fig. 2). The dorsal coloration of the adults is homogeneous brown, whereas the juveniles tend to be greyish or greenish (RUBIO & GOSA, 2015).

I saw an adult Aesculapian snake crossing a road in the Canon do Sil, (Fig.1) surrounded by *Arbuto unedonis-Quercetum pyrenaicae* vegetation near the Sil river, in an area with old Castanea sativa on 25 May 2020 in Nogueira de Ramuín (Spain, UTM29TPG09).

The species seems to be particularly abundant in the humid parts of Northern Spain, but only a few scattered populations are known from the the meridional parts of its distribution in the country. In the Parque Nacional dos Picos de Europa, in the mountains of North-Central Spain, the Aesculapian snake has been reported from the Desfiladero de la Hermida (PEÑAMELLERA BAJA; AYLLÓN et al., 2010), eventhough there were previous reports (GARCÍA-CARDENETE, 2005, 2008), all restricted to the Deva river. The Picos de Europa population is considered to be isolated from the Pyrenean nucleus, being more than 100 km away from the Pais Basque populations. The western-most population in the Iberian Peninsula was found in Cabrera Baja (León), which is more than 170 km away from the closest population, located in Cantabria (CABANA et al., 2014).

This observation increases the known range of the species ca. 100 km to the west, representing the first report of the species in the Galician region.

Fig.1 *Zamenis longissimus*



Fig. 2. Iberian distribution

Bibliografía / References

AYLLÓN, E., BOSCH, J., DIEGO-RASILLA, F.J., HERNÁNDEZ, P.L., MORA, A. & RODRÍGUEZ-GARCÍA, L. 2010. Anfibios y reptiles del Parque Nacional de los Picos de Europa. Organismo Autónomo de Parques Nacionales. Ministerio de Medio Ambiente y el Medio Rural y Marino. Madrid. CABANA, M., NIET, J. E., VÁZQUEZ, R., GARCÍA, L. P. (2014). Origen, distribución y estado de conservación de la población aislada de Zamenis longissimus de la Cabrera Baja (NW de la Península Ibérica). Boletín de la Asociación Herpetológica Española, 25 (1): 36-43. GARCÍA-CARDENETE, L. 2005. Culebra de esculapio, Zamenis longissimus en los Picos de Europa (Asturias). Nueva cita en su límite suroccidental de distribución. Boletín de la Asociación Herpetológica Española, 16: 2-3. GARCÍA-CARDENETE, L. 2008. Nuevos datos de distribución de anfibios y reptiles en los picos de Europa y su entorno. Boletín de la Asociación Herpetológica Española, 19: 73-75. RUBIO, X., GOSA, A. (2015). Culebra de Esculapio – Zamenis longissimus. En: Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles. Salvador, A., Marco, A. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. http://www.vertebradosibericos.org/ (Acceso 26/05/2020)

Artigo editado en Open Access nos términos:
Article published in Open Access under the terms:
Creative Commons attribution Non Comercial License 3.0.

B R A Ñ A
Revista científica da SGHN sobre Histora Natural
SGHN Scientific journal on Natural History
ISSN 0211-2469 (edición impresa / print edition)
ISSN 2340-2288 (edición dixital / online edition)

Aportación ó Atlas de Ascalaphidae (Insecta, Neuroptera) de Galicia
Contribution to Ascalaphidae Atlas (Insecta, Neuroptera) in Galicia

Rey-Muñiz, X. L.[1]; Requejo Camiña[2], S.; Rey Rañó, C.[1] e Rodrigo Dapena, J.[1]
1. SGHN. Sección Entomoloxía
Apdo. de Correos nº 303; 36600 Vilagarcía de Arousa
e-mail entomoloxia@sghn.org
2. Pontevedra. e-mail susorequejo@gmail.com

Recibido o 20-V-20, aceptado o 2-VI-20 e publicado electronicamente o 19-VI-20.
Submitted 20-V-20, accepted 2-VI-20, and electronically published 19-VI-20.

Resumo / Astract

Revísanse as especies da Familia Ascalaphidae e a súa distribución en Galicia compilando a información bibliográfica existente e aportando novos datos propios. Apórtanse dúas novidades provinciais coas especies *Libelloides hispanicus* para a provincia de Pontevedra, *Libelloides coccajus* para a provincia de Ourense e un rexistro novo para a Comunidade Autónoma de *Puer maculatus*.

Preséntanse os datos coñecidos de fenoloxía e distribución altitudinal, indicando os períodos de voo e altitude rexistrada para cada especie, así como os hábitats preferentes das mesmas baseados na definicións de CORINE Land Cover da UE.

Species from the Ascalaphidae family and their distribution are reviewed in Galicia by compiling available bibliographic and own records. Two provincial novelties were provided by *Libelloides hispanicus* for Pontevedra and *Libelloides coccajus* for Ourense. There is also a regional novelty for *Puer maculatus*.

Flight and altitude periods as well as preferred habitats for each species were recorded according to EU CORINE Land Cover definitions.

Palabra clave / Key words
Ascalaphidae, Galicia, ecoloxía, coroloxía, península Ibérica

Introducción

A familia Ascalaphidae non é ben coñecida en Galicia, aínda que a diversidade desta familia e aspectos da súa ecoloxía foron recollidos en traballos anteriores sobre este grupo de Neurópteros (MONSERRAT, V. 1978, 1885; PINO-PÉREZ, 2018.). Co obxectivo de mellorar o coñecemento da ecoloxía deste grupo púxose en marcha un estudo sobre distribución e fenoloxía desta familia en Galicia. Dende a publicación por MONSERRAT e TRIVIÑO (2013) do "Atlas dos neurópteros da península Ibérica e Illas Baleares" avanzouse no coñecemento deste grupo en Galicia e neste traballo recóllense datos inéditos respecto á distribución provincial e autonómica que melloran o coñecemento desta familia en Galicia.

A primeira cita dun ascaláfido en Galicia corresponde a Víctor López Seoane (MURGUÍA, 1965). Esta cita aparece consecutivamente en tres anos e tres textos similares, os dous primeiros da súa autoría (MURGUÍA (1965) e LÓPEZ SEOANE (1866) e o terceiro, na Crónica de la provincia de Pontevedra de Fernando Fulgosio (1867) sen nomear ó autor da cita. Este primeiro rexistro foi identificado coma *Ascalaphus italicum*, debido a un erro de transcrición da denominación específica *A. italicus*, actualmente adscrita ó xénero *Libelloides* como *Libelloides italicus* (Fabricius, 1781), especie non coñecida da Península Ibérica. Por este motivo actualmente a asignación a esta especie é dubidosa, e coa información actual sobre este grupo de especies esta cita antiga podería corresponder a outra

Introduction

The Ascalaphidae family is not well known in Galicia, in spite of the diversity of this family and the fact that some aspects of their ecology were recorded into prior works about this Neutoptera (MONSERRAT, V. 1978, 1885; PINO-PÉREZ, 2018.), With the objective of improving the understanding of this group's ecology, research about the distribution and fenology of this family in Galicia was started. Since the publishment of "Atlas dos neurópteros da península Ibérica e Illas Baleares" by Monserrat and Triviño (2013) knowledge about this group in Galicia advanced and in this work some new unpublished data has been recorded about provincial and community distribution that improve the understanding on this family in Galicia.

The first mention of an Ascalaphid in Galicia corresponds to Víctor López Seoane (MURGUÍA, 1965). This record appeared three conecutive years at three similar texts, the first two with his authorship (MURGUÍA (1965) and LÓPEZ SEOANE (1866) and the third, properly authorized, and properly copied from the previous two, in Pontevedra's Provincial Chronicle by Fernando Fulgosio (1867) This first citation corresponds to *Ascalaphus italicum*, a transcription error of *A. italicus*, currently ascribed to the genus *Libelloides* as *Libelloides italicus* (Fabricius, 1781), an unknown species of the Iberian Peninsula. The identity of that very species could not be traced back due to the location of the capture and exchange areas used by Victor López S. and the aftermentioned

especie coma *L. hispanicus* ou probablemente *L. longicornis* pola súa aparencia similar.

Material e método

O ámbito de estudo é Comunidade Autónoma de Galicia, a que se dividiu en cuadrículas UTM de 10x10. Cada cuadrícula foi prospectada alomenos unha vez en datas axeitadas para o voo da familia Ascalaphidae, entre os meses de maio a agosto.

Os datos anteriores ó cambio oficial de Datum es España, de Datum Euro1950 a ETRS89 foron recalculados para evitar erros de asignación a cuadrícula (REY-MUÑIZ, 2017). Os datos bibliográficos antigos, sen cuadrícula UTM identificada polo autor foron asignados á cuadrículas UTM 10x10 km onde se sitúa a poboación que nomea ó concello ou poboación menor indicada no texto da cita.

Unha parte das citas propias proveñen de foto identificación de referencias enviadas por colegas de acreditada solvencia e a identificación foi realizada polos autores. Tódalas citas dos autores foron de exemplares capturados e identificados, sendo liberados despois da identificación salvo algúns exemplares identificados ó efecto e depositados na colección de Xose Lois Rey-Muñiz, coa debida autorización administrativa .

Consultáronse as fontes de información e bibliografía científica dispoñible que potencialmente puidera conter datos de Galicia, (BRAÑA, BIGA, EOS, Graellsia, AeE e SEA) e toda a citada no Atlas Ibérico de Neuróptera de MONSERRAT e TRIVIÑO (2013). O sumario de datos recóllese na táboa I para facilitar a lectura. Sempre que foi posible na táboa figuran cunha resolución de 1x1 km aínda que a representación gráfica no mapa é en cuadrículas UTM de 10x10 km. A nivel de campo os autores compilaron os datos cunha resolución mínima de UTM 100x100 metros mediante GPS Garmin 12, Garmin 601 ou en casos puntuais co visor SIGPAC.

A estandarización da compilación dos hábitats fíxose a través das denominacións CORINE Land Cover (CLC), aínda que non se dispuxo desta información para todas a citas. Salvo raras excepcións, o hábitat máis frecuente é un mosaico complexo e entrelazado de usos do solo, polo que se recolle o principal, segundo a extensión do mesmo no lugar da cita.

A altitude de voo media realizouse ponderando o número de exemplares localizados en cada punto coa altitude rexistrada nese punto. Os datos sen altitude non foron tidos en conta para esta análise.

O período de voo foi estimado ponderando o número de exemplares localizados en cada punto coa data de rexistro. Cando non se identificaba o número de exemplares optouse con considerar un máximo de 1 exemplar por cita.

Resultados

Libelloides baeticus (Rambur, 1842)

Citado por primeira vez en LUCAS (1906) en Casaio (Carballeda de Valdeorras, Ourense) dentro do espécimes cedidos por Chapman.

Duplica a distribución coñecida, esencialmente nas zonas orientais de Lugo e Ourense. Un dato bibliográfico que a refire en Freixo (Celanova, Ourense) ó oeste desta provincia é a referencia máis occidental rexistrada.

Localizado en zonas termófilas e abertas, con vexetación baixa, tanto de pradaría como de uceira, estas zonas poden estar inmersas en áreas boscosas, esencialmente frondosas, caducifolias ou non, incluídas pradarías á beira de

transcription error. According to current distribution data this unknown species could have ben either *L. hispanicus* or *L. longicornis* due to their similar appearances.

Material an method

The studied area is the Autonomous Community of Galicia, which has been divided into 10x10 UTM grid squares. Each grid square was visited at least once on suitable time frames for Ascalaphidae family airborn phase, spanning from May to August.

Data prior to the official change of Datum es España, from Datum Euro1950 to ERTS89 were recalculated to avoid grid assignment errors (REY-MUÑIZ, 2017). The old bibliographic data, without UTM data related identified by the author was assigned to the aftermentioned UTM 10x10 km grid squares according to the toponyms recorded on the original entry.

Some of the citations come from photo-identification references sent by colleagues with proven reliability and the identification was carried out by the authors themselves. All the authors' citations were of specimens captured and identified, later released after identification except some specimens which were identified and deposited in the Rey-Muñiz collection, with proper administrative authorization.

Every available bibliography that could potentially contain related data from Galicia (BRAÑA, BIGA, EOS, Graellsia, AeE and SEA) and every related quote in the Iberian Atlas of Neuroptera of MONSERRAT & TRIVIÑO (2013) were consulted. The data summary is available in Table I for ease of reading. Whenever possible the table is shown with a resolution of 1x1 km, although the graphical representation on the map is in UTM 10x10 km grid squares. At field level the authors compiled the data with a minimum resolution of UTM 100x100 meters using GPS Gramin 12, Garmin 601 or in some specific cases with the SIGPAC viewer.

Habitat compilation was standardized through the CORINE Land Cover (CLC) designations, although this information was not available for every citation. Despite some rare exceptions we find a complex and intertwined mosaic of land uses, recording main and a secondary one, taking into account the extent of the same at the place recorded.

The average flight altitude was obtained by weighting the number of specimens located at each point with the altitude recorded at that point. Data without altitude was not taken into account.

The flight period was estimated by weighting the number of specimens located at each point with the date of registration. Whenever the number of specimens was not recorded, it was decided to consider a maximum of 1 specimen per record.

Results

Libelloides baeticus (Rambur, 1842)

First mentioned at LUCAS (1906) in Casaio (Carballeda de Valdeorras, Ourense) within the specimens handed over by Champan.

This work doubles known distribution, essentially in eastern areas of Lugo and Ourense. A bibliographic record refers it in Freixo (Celanova, Ourense) the west of this province is the westernmost reference registered.

Located in thermophilic and open areas, with low vegetation, both prairie and heather, these areas may be immersed in wooded areas, essentially leafy, deciduous or not,

ripisilvas.

Ten un período de voo máis amplo que dende a primeira data dispoñible de 1 de maio ata a máis serodia do 15 de agosto (fig 1). Voa entre os 269 e 942 metros, cunha altitude media para n= 100 de 608 msnm.

Das cinco UTM bibliográficas previas pásase a un total de 11 UTM 10x10 km (mapa 1)



Fig. 1



Mapa/Map 1. *Libelloides baeticus*

Libelloides coccajus (Denis & Schiffermüller, 1775)

Especie citada en Galicia por MONSERRAT (1985) no Courel (Lugo).

Os rexistros obtidos amplían a distribución coñecida, tanto na zona de Lugo (Serras do Courel e Ancares) como na provincia de Ourense, onde é citada por primeira vez.

Presenta un requirimento bastante esixente de praderías, tanto naturais coma forraxeiras en zonas con vexetación climácica ampla. Non se teñen observado en praderías de forraxe con tratamento de xurros pero si en praderías de forraxe con sega e sen tratamento de estercado. A presenza de *L. coccajus* nun área marcadamente mediterránea como o PN de Enciña da Lastra e inusual comparado co resto de citas en Galicia desta especie. A principal denominador común da súa presencia son ás áreas con xeoloxía caliza.

Citado erroneamente (*lapsus calami*) na provincia de Ourense por PINO-PÉREZ (2018), pero no concello de Samos, o cal pertence á provincia de Lugo.

Ten un período de voo moi restrinxido, a cita máis temperá é do 10 de maio e a máis serodia do 7 de xullo (fig. 2). Voa entre os 370 e 1358 metros, cunha altitude media para n= 39 de 932 msnm.

Das 2 cuadrículas previas pásase a un total de 12 cuadrículas UTM de 10x10 km (mapa 2)

Novidade provincial de Ourense.

including prairies next to riparian forests.

It has a longer flight period than A. coccajus from the first available date of May 1st to the latest of August 15th (fig 1). It flies between 269 and 942 meters, with an average altitude for n = 100 of 608 msnm.

From the previous five bibliographic UTMs it increased to a total of 11 UTM 10x10 km (map 1)

Libelloides coccajus (Denis & Schiffermüller, 1775)

First mentioned by MONSERRAT (1985) in Courel (Lugo).

The known distribution is notoriously expanded, both in the area of Lugo (Courel and Ancares Mountains) and in the province of Ourense, where it was mentioned for the first time. It has a fairly demanding requirement of grasslands, both natural and forage in areas with extensive climax vegetation. They have not been observed in forage meadows with slurry treatment, but in forage meadows with mowing and without manure treatment. The presence of *L. coccajus* in a markedly Mediterranean area such as the PN of Enciña da Lastra is unusual compared to other Galician records of this species. The main common denominator of their presence are areas with limestone geology.

Mentioned erroneously *(lapsus calami)* in the province of Ourense by PINO-PÉREZ (2018), but in the municipality of Samos, which belongs to the province of Lugo.

It has a very restricted flight period, the earliest appointment being May 10th and the latest July 7th (fig. 2). It flies between 370 and 1358 meters, with an average altitude for n = 39 of 932 msnm.

From the previous 2 grid squares it increased to a total of 12 UTM 10x10 km grid squares (map 2)

Provincial novelty for Ourense.



Fig. 2 *Libelloides coccajus*



Mapa/Map 2. *Libelloides coccajus*

Libelloides hispanicus (Rambur, 1842)

Citado por primeira vez en NAVÁS (1922) da Fonsagrada (Lugo). Non se teñen en conta as citas de NAVÁS (1924a, 1924b) onde é citada para Ponferrada (Lugo), pois Ponferrada situase na provincia de León ou é un *lapsus calami* entre Fonsagrada (Lugo) e Ponferrada (León).

A preferencia de hábitats é menos esixente ca outras especies, breixeiras, pradarías con ou sen lameiros, con vexetación non necesariamente moi baixa.

Ten un período de voo de maio a xullo, cun claro pico en xuño. A primeira data dispoñible é do 12 de maio ata a máis serodia do 29 de xullo (fig 3). Ten un amplo rango altitudinal, dos 268 ata 1.815 metros, cunha altitude media para n= 124 de 837 msnm.

Das 10 UTM bibliográficas previas ampliase a un total de 38 UTM (mapa 3)

Cítase por vez primeira para Pontevedra (Vila de Cruces)



Fig. 3. *Libelloides hispanicus*



Mapa/Map 3. *Libelloides hispanicus*

Libelloides longicornis (Linnaeus, 1764)

Citado por primeira vez en LUCAS (1906) en Pontevedra, Vigo e Casaio (Carballeda de Valdeorras, Ourense) dentro dos espécimes cedidos por Champan.

Os rexistros obtidos amplían a distribución coñecida, sendo a especie de Ascalaphidae en Galicia máis común e mellor distribuída, tanto a nivel altitudinal como xeográfico, dende a costa ata as zonas máis altas de Galicia.

É unha especie con menos esixencias de hábitat que outros Ascalaphidae, aínda que marca preferencias por pradarías de distinta altura nas gramíneas, tamén localízase en breixeiras puras ou mixtas con vexetación disclimácica de *Pinus sp.*, incluso puntualmente sobre vexetación ruderal, o cal non ocorre co resto de Ascalaphidae galegos.

Ten o período de voo máis amplo dos cinco Ascalaphidae tratados, dende maio a setembro. A primeira data dispoñible é do 26 de maio ata a máis serodia do 4 de setembro (fig. 4). Non presenta unha selección específica altitudinal,

Libelloides hispanicus (Rambur, 1842)

First mentioned in NAVÁS (1922) in A Fonsagrada (Lugo). The records of NAVÁS (1924a, 1924b) for Ponferrada (Lugo) are not taken into account because Ponferrada is located in León it is also possible that this record arised from a recording error due to *lapsus calami* between Fonsagrada and Ponferrada.

Habitat preference is less demanding compared to other species, heathers, prairies with or without grasslands, with not necessarily very low vegetation.

It has a flight period from May to July, with a clear peak in June. The first available date is spans from May 12th to late July 29th (fig. 3). It has a wide altitudinal range, from 268 to 1,815 meters, with an average altitude for n = 124 of 837 meters above sea level.

From the 10 previous bibliographic UTMs it increased to a total of 38 UTM (map 3)

First recorded for Pontevedra (Vila de Cruces)

Libelloides longicornis (Linnaeus, 1764)

First mentioned in LUCAS (1906) in Pontevedra, Vigo and Casaio (Carballeda de Valdeorras, Ourense) within the specimens captured by Champan.

It significantly expands known distribution, being the most common and best distributed species of Ascalaphidae in Galicia, both altitudinally and geographically, from the coast to the highest areas of Galicia.

Less demanding than other Ascalaphidae, although it displays preferences for grasslands of different heights in grasses, it is also found in pure or mixed heaths with *Pinus* sp.

It has the longest flight period of the five Ascalaphidae studied, from May to September. The first available date is from May 26th to the late evening of September 4th (fig. 4). It does not show a specific altitudinal selection, flying between 5 to 1,933 meters, practically in the Galician roof, with an average altitude for n = 150 of 686 m s.n.m.

An egg laying event conformed by 51 eggs on a grass stem (figure 8) was recorded on 6/16/2019

Of the 27 previous bibliographic UTMs it increased to a total of 57 UTM 10x10 km (map 4)



Fig. 4



Mapa/Map 4. *Libelloides longicornis*

voado entre os 5 ós 1.933 metros, practicamente no teito galego, cunha altitude media para n= 150 de 686 msnm.

Foi observada con data de 16/6/2019 a posta de 51 ovos sobre o fuste dunha gramínea (figura 5)

Das 27 UTM bibliográficas previas pásase a un total de 57 UTM 10x10 km (mapa 4)

Puer maculatus (Olivier, 1789)

Esta especie foi incorporada de forma oficial nos listaxes de fauna ibérica en 1991 (REDONDO, 1991). Nos últimos anos ampliouse notoriamente a distribución ibérica coñecida, sobre todo a nivel de foros fotográficos como "Biodiversidad Virtual" (www).

Foi capturado e fotografado (figura 6) un único exemplar na provincia de Ourense, no Parque Natural de Enciña da Lastra, a 640 msnm e nunha zona de vexetación aberta e con arborado disperso con elementos cruzados das asociacións vexetais *Genisto hytricis-Quercetum rotundifoliae e Rubo ulmifolii-Rosetum corymbiferae*, algo degradados sen chegar a ser ruderal *sensu stricto*. A pesares de múltiples e intensas mostraxes posteriores, non foi localizado ningún outro exemplar desta especie.

O hábitat onde foi localizado coincide co expresado por MONSERRAT *et al.* (2012), zona boscosas con presencia de fanerófitos, e presenza de imagos entre maio a xullo (fig. 5), a altitudes entre 500 e 800 msnm. A hora de captura foi ás 16:29 cunha temperatura de 29º C.



Fig. 5. *Puer maculatus*

Novidade provincial para a provincia de Ourense e para a Comunidade Autónoma de Galicia (mapa 5)

Discusion

Os datos recollidos neste traballo indican que para a especie *Libelloides longicornis* obsérvase unha tendencia á redución da súa distribución xeográfica histórica coñecida. PINO-PÉREZ cita a desaparición en zonas costeiras, ligada á destrución de hábitats debido á antropización das mesmas. Nas prospeccións da costa coruñesa, a zonas onde foi inicialmente localizada, non se detectaron exemplares.

A época de voo de *L. baeticus*, *coccajus* e *hispanicus* é similar, co mesmo patrón de emerxencia e abundancia durante o mes de xuño.

L. longicornis distribúese entre os meses de xullo e setembro, observándose o pico de máxima abundancia en xullo. A prolongación da súa presenza en agosto e setembro



Fig. 7. *Fenología comparada / compared phenology*

Puer maculatus (Olivier, 1789)

In recent years, the known Iberian distribution has expanded significantly, especially at photographic forums level such as Virtual Biodiversity. Formally incorporated to the Iberian fauna in 1991 (ROUND, 1991)

A single specimen was captured and photographed (figure 6) in the province of Ourense, in the Enciña da Lastra Natural Park, at 640 meters above sea level in an area of open vegetation with scattered trees with crossed elements of the plant associations *Genisto hytricis-Quercetum rotundifoliae* and Rubo *ulmifolii-Rosetum corymbiferae*, somewhat degraded without becoming ruderal sensu stricto. Despite multiple and intense subsequent sampling, no other specimens of this species have been located.

The habitat where it was located coincides with that designated by MONSERRAT et al. (2012), wooded area with the presence of phanerophytes, and the presence of imagos between May and July (fig. 6), at altitudes between 500 and 800 masl. The capture time was at 16:29 with a temperature of 29ºC.

Provincial novelty for Ourense and Autonomous Community of Galicia (map 5)



Mapa/Map 5. *Puer maculatus*

Discussion

At least in *Libelloides longicornis* there is a trend in reducing its known historical distribution, PINO-PÉREZ cites its disappearance in coastal areas by their anthropization, we also see it in records of the coast of A Coruña, where in recent visits the areas where it was initially located, no specimens were detected.

The flight season of *L. baeticus*, *coccajus* and *hispanicus* is similar, with the same pattern of emergence and abundance. *L longicornis* presents its peak of maximum abundance in July, but after analyzing the data, the prolongation of its presence in August and September occurs in coastal areas and remarkably thermophilic inland and at low altitude (Fig. 7)

Libelloides baeticus, *Libelloides longicornis* and *Libelloides hispanicus* share habitat and flight period, and *L. coccajus* has only flight sympatric with *L. hispanicus*, attributable to the restricted area of its presence and short flight period.

prodúcese en zonas costeiras e notablemente termófilas do interior e con baixa altitude (fig. 7)

Libelloides baeticus, *Libelloides longicornis* e *Libelloides hispanicus* comparten hábitat e época de voo. *L. coccajus* só ten voo simpátrico con *L. hispanicus*, atribuíble ó restrinxido da súa área de presencia e corto período de voo.

AGRADECEMENTOS

A Juan Pino Pérez con clarexar con celeridade e precisión un par de dúbidas do seu traballo, así como fornecernos de novos rexistros, tamén a Fernando Prieto Piloña e Víctor Monserrat pola remisión de bibliografía. A Brais Rey Noya por revisar a tradución ó inglés. Igualmente ós revisores polas melloras propostas.

Non podemos esquecer nin deixar de agradecer a aqueles que forneceron datos e contribuíron a completar a distribución destas especies: José Antonio Acuña, Isabel Álvarez Balvís, José Luis Álvarez Gándara, Belén Amarante Rodríguez, Jonatán Antúnez, Xosé Bergantiños Rodríguez, Ángel Blázquez Caselles, Vítor Xosé Cabaleiro Barroso, José Luis Calleiras, Isabel Cid Rivero, Carlos Cortizo Amaro, Francisco Docampo Barrueco, Julio Eiroa, Marcos Freán Hernández (autor da fotografía da posta de *Libelloides longicornis*), Víctor Garretas, Carlos Guerra Vilariño, Santiago Monteagudo Campos, Jorge Núñez, Alejandro Ocampo Lorenzo, Celia Paradelo Rodríguez, Fernando Prieto Piloña, Manuel Rodríguez, Afonso Salvador Rodríguez González, Anxos Romeo Barreiro, Rafael Salvadores Ramos, Tito Salvadores Ramos e Marcos Veiga Bautista. Sen estas colaboracións o traballo tería quedado moi minguado.

ACKNOWLEDGEMENT

To Juan Pino Pérez who clarified quickly and accurately a couple of doubts about his work, as well as providing us with new records, also to Fernando Prieto Piloña and Víctor Monserrat for the submission of bibliography. To Brais Rey Noya for the English revision. We cannot forget or stop thanking those who provided data and contributed to complete the distribution of these species: José Antonio Acuña, Isabel Álvarez Balvís, José Luis Álvarez Gándara, Belen Amarante Rodríguez, Jonatan Antúnez, Xosé Bergantiños Rodríguez, Ángel Blázquez Caselles, Vítor Xosé Cabaleiro Barroso, José Luis Calleiras, Isabel Cid Rivero, Carlos Cortizo Amaro, Francisco Docampo Barrueco, Julio Eiroa, Marcos Freán Hernández (egg laying *Libelloides longicornis* photographer), Víctor Garretas, Carlos Guerra Vilariño, Santiago Monteagudo Campos, Jorge Núñez, Alejandro Ocampo Lorenzo, Celia Paradelo Rodríguez, Fernando Prieto Piloña, Manuel Rodríguez, Afonso Salvador Rodríguez González, Anxos Romeo Barreiro, Rafael Salvadores Ramos, Tito Salvadores Ramos and Marcos Veiga Bautista. Without these collaborations the work would have been greatly diminished.

Bibliografía / References

AISTLEITNER, E. 2019. Schmetterlingshafte der Westpalaearktis –faunistische und phaenologische Aufzeichnungen und Anmerkungen (Neuropterida, Planipennia, Ascalaphidae). Mitt. Münch. Ent. Ges. 109: 117-137

FULGOSIO, F. 1867. Crónica de la provincia de Pontevedra. 97 pp.

LÓPEZ SEOANE, V. 1866. Reseña de la historia natural de Galicia. Imprenta de Soto Freire. 66 pp.

LUCAS, W. J. 1906. Neuroptera and Trichoptera taken by Dr T. A. Chapman in Spain 1906. Entomologist, 39, 276-277.

MONTSERRAT, V.J. 1978. Contribución al conocimiento de los neurópteros de Orense (Neu. Planipennia). Boln. Asoc. esp. Ent., 2: 169-184.

MONTSERRAT, V.J. 1981. Sobre los neurópteros ibéricos (III) (Neuroptera, Planipennia). Boletín de la Asociación Española de Entomología 4: 151-156.

MONTSERRAT, V.J. 1985a. Contribución al conocimiento de los Neurópteros de Lugo. Trab. Compostel. Biol., 12: 87-98.

MONTSERRAT, V.J. 1985b. Nuevos datos sobre los Myrmeleontoidea ibéricos (Neur., Plan., Myrmeleonidae, Ascalaphidae, Nemopteridae). Actas II Congr. ibér. Entom. Bolm. Soc. port. Ent., supl. 1(2): 475-489.

MONTSERRAT, V.J. 1986. Sobre los neurópteros ibéricos (IV) (Neur.). Boln. Asoc. esp. Ent., 10: 95-105.

MONTSERRAT, V.J.; Acevedo, V. J. , Triviño, V. 2012. Los ascaláfidos de la Península Ibérica y Baleares (Insecta: Neuroptera: Ascalaphidae). Heteropterus Rev. Entomol. 12(1): 33-58.

MONTSERRAT, V.J.; Badano, D. & Acevedo, F. 2014. Nuevos datos de ascaláfidos para la Península Ibérica, con una nueva especie para la fauna europea (Insecta: Neuropterida: Neuroptera: Ascalaphidae). Heteropterus Rev. Entomol. 14(2): 147-167.

MONTSERRAT, V.J. & TRIVIÑO, V. 2013. Atlas de los neurópteros de la peninsula Ibérica e Islas Baleares (Insecta, Neuroptera: Magaloptera, Rhaphidioptera, Planipennia). 154 pp.

MURGUÍA, M. 1865. Historia de Galicia, Tomo I 418-432. Imprenta Soto Freire.

NAVÁS, L. 1916. Excursiones por el norte de España. Asoc. esp. Progr. Cienc., (Valladolid), sección 4, 6: 161-179.

NAVÁS, L. 1922. Nota. Bol. Soc. Ent. Esp., V, (5): 69.

NAVÁS, L. 1924. Mis excursiones entomológicas del verano de 1924. Brotêria (Ser. Zool.), 21: 115-150.

NAVÁS, L. 1924 Sinopsis de los neurópteros (Ins.) de la Península Ibérica. Memorias de la Sociedad Ibérica de Ciencias Naturales 4: 1-150.

PINO-PÉREZ, J.J. 2018. Algunos neurópteros (Neuroptera: Ascalaphidae y Nemopteridae) de la colección de artrópodos de Lourizán (Pontevedra, NO España). Bol. Biga 16: 69-72.

REDONDO, V. M. 1991. Nota sobre un neuróptero nuevo para la Península Ibérica. (Neurop. Ascalaphidae) Zapateri Revta. aragon. ent., 1 (1): 43

REY-MUÑIZ. 2017. Comparativa entre Atlas representados mediante UTM con diferentes Datum. Braña 15: 18-21.

Relación de citas / Records list *Libelloides baeticus*

Item	Data	Tipo habitat	Concello	Provincia	Altitude	UTM 1x1 km	exemplares	Leg.	Det. / bibliografía
Item	Date	Habitat	Council	Province	Altitude	UTM 1x1 km	nº specimens	Leg.	Det.
	02/07/1906		Carballeda de Valdeorras	Ourense		29TPG89	1	Chapman	LUCAS (1906)
	05/07/1906		Carballeda de Valdeorras	Ourense		29TPG89	1	Chapman	MONSERRAT *et al.* (2014)
	15/08/1977	3.1.1. Bosques de frondosas	Celanova	Ourense	400	29TNG8572	1		MONSERRAT (1978)
	12/07/1984		Ribas de Sil	Lugo	340	29TPG4596	1		MONSERRAT (1985)
ABIGA 40988 (LOU-Arthr 40988)	09/07/1988		Rubiá	Ourense	728	29TPH7703	1	J.J. Pino & C. López-Vaamonde	PINO PÉREZ (2018)
ABIGA 40989 (LOU-Arthr 40989)	09/07/1988		Rubiá	Ourense	743	29TPH7703	1	J.J. Pino & C. López-Vaamonde	PINO PÉREZ (2018)
	15/06/1998	2.3.1. Pradarías	Rubiá	Ourense	600	29TPH7803	1	Carlos Cortizo Amaro	Suso Requejo Camiña
	17/05/2004		Rubiá	Ourense		29TPH7803		Francisco Docampo Barrueco	Francisco Docampo Barrueco
	18/05/2004		Rubiá	Ourense		29TPH7803		Francisco Docampo Barrueco	Francisco Docampo Barrueco
ABIGA 23 (LOU-Arthr 23)	27/05/2004		O Barco de Valdeorras	Ourense	537	29TPH6400	1	R. Pino, J.J. Pino & A. Pino-Cancelas	PINO PÉREZ (2018)
ABIGA 31 (LOU-Arthr 31)	27/05/2004		O Barco de Valdeorras	Ourense	537	29TPH6400	1	R. Pino, J.J. Pino & A. Pino-Cancelas	PINO PÉREZ (2018)
	29/05/2004		Rubiá	Ourense	510	29TPH7705		Francisco Docampo Barrueco	Francisco Docampo Barrueco
XLRM(004061)4061	12/06/2005		O Bolo	Ourense	510	29TPG5388	11	Xosé Lois Rey Muñiz	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(004062)4062	12/06/2005		O Bolo	Ourense	510	29TPG5388	11	Xosé Lois Rey Muñiz	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(004063)4063	12/06/2005		O Bolo	Ourense	510	29TPG5388	11	Xosé Lois Rey Muñiz	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(004647)4647	10/06/2006		Vilardevós	Ourense	830	29TPG4939	3	Xosé Lois Rey Muñiz	Xosé Lois Rey Muñiz
	05/05/2007	2.3.1. Pradarías	Rubiá	Ourense	800	29TPH7803	1	Belen Amarante Rodríguez	Suso Requejo Camiña
	19/05/2007		Rubiá	Ourense		29TPH7803		Francisco Docampo Barrueco	Francisco Docampo Barrueco
	29/06/2008		Manzaneda	Ourense	700	29TPG4983	1		Suso Requejo Camiña
	01/05/2009		Rubiá	Ourense	470	29TPH7705	1	Xosé Bergantiños Rodríguez	null
	01/05/2009		Rubiá	Ourense	650	29TPH7803	1	Xosé Bergantiños Rodríguez	null
	10/05/2009	2.3.1. Pradarías	Rubiá	Ourense	800	29TPH7803	1	Celia Paradelo Rodriguez y Carlos Guerra Vilariño	Suso Requejo Camiña
	26/05/2009		Pobra de Trives	Ourense		29TPG4788	1	Carlos Cortizo Amaro	Suso Requejo Camiña
ABIGA 40991 (LOU-Arthr 40991)	27/05/2009		O Barco de Valdeorras	Ourense	475	29TPH6400	1		PINO PÉREZ (2018)
ABIGA 1994 (LOUArthr 1994)	20/06/2009		Quiroga	Lugo	302	29TPG4795	1	R. Pino, J.J. Pino, F.J. Silva-Pando, J.L. Camaño, A. Pino-Cancelas & R. Pino	PINO PÉREZ (2018)
ABIGA 1918 (LOU-Arthr 1918)	20/06/2009		Quiroga	Ourense	302	29TPG4795	1	R. Pino, J.J. Pino & A. Pino-Cancelas	PINO PÉREZ (2018)
	27/06/2009		Rubiá	Ourense	900	29TPH6908	1	Víctor Garretas - Ángel Blázquez	Víctor Garretas - Ángel Blázquez
	28/06/2009		O Barco de Valdeorras	Ourense	850	29TPG6395	1	Suso Requejo Camiña	Suso Requejo Camiña
	30/05/2010		Rubiá	Ourense	675	29TPH7704	1	Xosé Bergantiños Rodríguez	Suso Requejo Camiña
	30/05/2010		Rubiá	Ourense	470	29TPH7705	1	Xosé Bergantiños Rodríguez	Suso Requejo Camiña
	02/06/2010		Folgoso do Courel	Lugo	942	29TPH5818	1	José Luis Alvarez Gándara	Suso Requejo Camiña
XLRM(024883)	08/05/2011	3.1.1.1. Perennifolias e aciñeiras	Rubiá	Ourense	553	29TPH7803	1	Carlos Rey Rañó, Xosé Lois Rey Muniz	Xosé Lois Rey Muñiz
	14/05/2011		Rubiá	Ourense	570	29TPH7802	1	Xosé Bergantiños Rodríguez	Suso Requejo Camiña
XLRM(024955)	15/05/2011	3.1.1. Bosques de frondosas	Ribas de Sil	Lugo	269	29TPG4794	1	Carlos Rey Rañó, Xosé Lois Rey Muniz	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(024956)	15/05/2011	3.1.1.1. Perennifolias e aciñeiras	Carballeda de Valdeorras	Ourense	584	29TPG7595	1	Carlos Rey Rañó, Xosé Lois Rey Muniz	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(024957)	15/05/2011	3.1.1.1. Perennifolias e aciñeiras	Carballeda de Valdeorras	Ourense	572	29TPG7595	1	Carlos Rey Rañó, Xosé Lois Rey Muniz	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(024958)	15/05/2011	3.1.1.1. Perennifolias e aciñeiras	Carballeda de Valdeorras	Ourense	505	29TPG7694	1	Carlos Rey Rañó, Xosé Lois Rey Muniz	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(028367)	26/05/2013	2.3.1. Pradarías	Rubiá	Ourense		29TPH7703	1	Carlos Rey Rañó, Xosé Lois Rey Muñiz, José Rodrigo Dapena	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(028368)	26/05/2013	2.3.1. Pradarías	Rubiá	Ourense		29TPH7703	1	Carlos Rey Rañó, Xosé Lois Rey Muñiz, José Rodrigo Dapena	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(028431)	08/06/2013		Rubiá	Ourense	523	29TPH7705	1	Xosé Lois Rey Muñiz, José Rodrigo Dapena	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(028691)	24/06/2013	3.1.1. Bosques de frondosas	Rubiá	Ourense	612	29TPH7705	1	Xosé Lois Rey Muñiz	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(028692)	24/06/2013	3.1.1. Bosques de frondosas	Rubiá	Ourense	693	29TPH7705	1	Xosé Lois Rey Muñiz	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(028773)	30/06/2013	3.2.2. Landas e matogueiras	Rubiá	Ourense	667	29TPH7705	1	Xosé Lois Rey Muñiz, José Rodrigo Dapena	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(031449)	03/05/2014	3.1.1. Bosques de frondosas	Rubiá	Ourense	508	29TPH7705	1	Carlos Rey Rañó, Xosé Lois Rey Muñiz, José Rodrigo Dapena	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(035099)	10/05/2015	2.3.1. Pradarías	Rubiá	Ourense	704	29TPH7703	1	Carlos Rey Rañó, Xosé Lois Rey Muñiz, José Rodrigo Dapena	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(040838)	07/05/2017	3.1.1.1. Perennifolias e aciñeiras	Rubiá	Ourense	729	29TPH7107	1	Xosé Lois Rey Muñiz	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(040897)	07/05/2017	3.1.1.1. Perennifolias e aciñeiras	Rubiá	Ourense	780	29TPH7107	1	Xosé Lois Rey Muñiz	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(040901)	07/05/2017	3.1.1.1. Perennifolias e aciñeiras	Rubiá	Ourense	789	29TPH7107	1	Xosé Lois Rey Muñiz	Xosé Lois Rey Muñiz
XLRM(040916)	07/05/2017	3.1.1.1. Perennifolias e aciñeiras	Rubiá	Ourense	782	29TPH7107	1	Xosé Lois Rey Muñiz	Xosé Lois Rey Muñiz
